

NA MORTE DE TUCHO

Polos periódicos sei da morte de Tucho, o dono do Volter, aquel bar que puxo de moda don Vicente Risco en Ourense a principios dos anos sesenta. Era un home sinxelo e calado, cun cigarro eterno colgado da boca e unha voz rouca traballada durante décadas polo viño e os licores. Hai xa tempo que era un fantasma. De cando en vez vía pasar lentamente pola rúa dos bares, esmagado contra o chan polo peso infinito dunha tristeza que nunca souben de onde lle viña.

Nunca souben tampouco por que tomou a desgraciada decisión de pechar O Volter, agora convertido nunha ruína irrecuperable, coa humidade rebentando a pintura das paredes, especialmente aquel precioso mural de Xosé Luís de Dios que eu lle vin pintar e onde don Vicente estaba tan ben retratado que parecía el, de carne e óso. Probablemente Tucho se sentía atafegado naquel museo de sombras.

Durante uns anos, aquel estraño bar situado nun recuncho do vello Eironciño foi unha especie de lugar sagrado para moitos mozos e mozas, que acudían a tomar viños e tapas entre cadros, pinturas e poemas. Todo porque don Vicente Risco, que ía beber unha taciña alí antes de comer, un día dixo que lle recordaba o Café Volter de Zürich. Foi así como o Bar Tucho cambiou de dono e o seu dono entrou na pequena mitoloxía cultural ourensá. Ben o merecía, por intelixente e boa persoa.

Domingo, 6 de setembro de 1992